

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO DE OURENSE PARA A REHABILITACIÓN DA ANTIGA IGREXA DE SAN FRANCISCO COMO ESPAZO MUSEÍSTICO.

Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2016

Dunha parte, Don Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, don Jesús Vázquez Abad, actuando en representación do Concello de Ourense en virtude da súa condición de alcalde do citado concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

En consecuencia,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo.- Que o artigo 198 apartado 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 4º da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, defender, realizar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural que radique no seu termo municipal.

Terceiro.- A igrexa de San Francisco foi construída no século XIV e atopábase na parte alta da cidade de Ourense, onde agora se atopa o conxunto cultural e monumental de San Francisco. Neste complexo de San Francisco está o antigo convento de San Francisco, referente cultural na cidade de Ourense, o auditorio a antiga capela da orde terceira franciscana, convertida en albergue de peregrinos e espazo expositivo do museo arqueolóxico, así como o cemiterio de San Francisco, declarado Ben de Interese Cultural.

Galicia conta cun rico patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e considerados para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Posúe unha longa historia propia e unha longa tradición cultural singular e senlleira que converten o seu patrimonio cultural nun elemento de identidade, atractivo e excelente con grandes posibilidades de actuar como un recurso de desenvolvemento e un produto diferenciado de calidade.

A conservación do patrimonio cultural integra un conxunto de accións e medidas que perseguen a salvagarda do patrimonio cultural tanxible, para asegurar a súa accesibilidade e a apropiación patrimonial polas xeracións presentes e futuras.

O patrimonio cultural é na actualidade un elemento de referencia e un activo imprescindible para avaliar, medir e mellorar a calidade de vida das persoas.

A diversidade do patrimonio cultural de Galicia, no que están representadas, de formar salientable, case todas as etapas e expresións da Cultura Occidental, permite incorporar novos elementos e recursos que actúen como axentes renovadores e motor de desenvolvemento de novas actividades de crecemento a partir do uso sostible do

patrimonio cultural. Neste senso, coa recuperación da antiga igrexa de San Francisco como espazo museístico, poñemos en valor os restos arqueolóxicos conservados in situ, que se corresponden coa cimentación das ábsidas, recompoñendo e reinterpretando virtualmente o espazo de culto da igrexa medieval, permitindo polo menos museográficamente, expoñer o espazo unitario da igrexa monacal orixinal e poñer en valor as fábricas, as litografías e os elementos escultóricos que se conserven.

A protección, conservación, investigación, promoción e utilización, dunha forma sostible do patrimonio cultural, supón unha ferramenta e un axente fortemente dinamizador da economía local e das posibilidades de desenvolvemento cultural, formativo e social das comunidades máis próximas ou directamente relacionadas con el.

Cuarto.- A Xunta de Galicia non conta con ningún espazo museístico propio na cidade de Ourense, polo que conven de cará a cidadanía deste concello realizar una oferta cultural acorde co resto das cidades de maior poboación da comunidade autónoma. Pola sua bando o concello de Ourense manifesta a necesidade de contar cunha infraestrutura museística que poña en valor a historia da cidade, ou aspecto senlleiros de épocas pasadas, convertíndose en referencia para toda a provincia.

A excepcionalidade da concurrencia ven dada pola propia natureza do inmovible, e tamen pola circunstancia de que o concello de Ourense non conta, como no resto das seis cidades de maior poboación de ningunha infraestrutura museística desta características.

Dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, subscriben o presente instrumento de colaboración e no que

ACORDAN

PRIMEIRA.- É obxecto do presente convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ourense para o financiamento das actuacións que sexan necesarias para a rehabilitación da antiga igrexa de San Francisco en Ourense como espazo museístico para a cidade.

De conformidade co anteproxecto existente, as actuacións para a posta en valor do templo, actualmente desacralizado, supoñen intervencións importantes na cuberta, na realización de obras de estrutura interior que compoñan un espazo expositivo de tres plantas, así como as instalacións precisa para a súa entrada en funcionamento.

A realización destas actuacións sería nun prazo de ano e medio.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A **Xunta de Galicia** asume o compromiso de financiar as actuacións correspondentes para a recuperación da antiga igrexa de San Francisco como espazo museístico, incluída a musealización dos restos arqueolóxicos conservados in situ, permitindo a súa conservación, posta en valor e funcións de espazo expositivo xestionado polo Concello de Ourense.

Para o cumprimento do obxecto deste convenio a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participa no financiamento da actuación cunha achega máxima de UN MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Importe
2016:	300.000,00 €
2017:	1.300.000,00 €

O **Concello de Ourense** comprométese a:

- O concello deberá levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción do proxecto de execución, dirección e execución das obras así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado nesta cláusula.

No caso de que se concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto deste convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Legislativo

3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Asemade en todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas). *Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características do gasto, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que haberán de achegarse na xustificación, realizárase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa*

- O concello contratará a redacción do proxecto de execución tomando como base o anteproxecto redactado no seu día, propiedade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aínda que o resultado final poderá diferir das previsións do anteproxecto, en medicións e orzamentos, tendo en conta que non variará substancialmente a concepción daquel.
- Na execución das obras cumprirá coa normativa en materia de patrimonio cultural vixente.
- Polo que se refire á contratación das obras formará parte da mesa de contratación, en representación da Xunta de Galicia, unha persoa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- As baixas de licitación, que se produzan con motivo do procedemento de contratación levado a cabo polo concello, serán proporcionais á achega da parte financiadora.
- Os gastos correspondentes á liquidacións, modificacións ou obras complementarias necesarias serán asumidos polo concello de Ourense.
- Unha vez rematadas as obras, o concello deberá comunicar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a data de recepción das mesmas para o efecto de que se envíe a representantes da Xunta, que estarán presentes para o efecto previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Os traballos de protección de restos e de recheo das sondaxes arqueolóxicas, deberán ser realizados baixo control arqueolóxico, dirixidos polo arqueólogo/a municipal do Concello de Ourense, segundo ditamina a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 19.5.2014.
- A difusión e a posta en valor do patrimonio cultural, que se pon ao servizo e gozo da cidadanía, facilitando o acceso ao mesmo e a súa interpretación, así como o seu coñecemento e difusión.
- A xestionar, ben directamente ou de xeito indirecto, ou mediante a colaboración doutras institucións distintas da Xunta de Galicia o centro museístico proxectado durante un prazo mínimo de 10 anos. Esta xestión non dá lugar á realización de actividades económicas que xeren beneficio.
- Deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

TERCEIRA.- O concello de Ourense comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades -tanto impresa coma audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, utilizando a normativa da imaxe corporativa.

Asemade comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Con carácter supletorio será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, e, se é o caso, os servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Garantizarase que o conxunto de axudas que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das administracións ou de calquera dos entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supere o custo elexible do investimento subvencionable, evitando así o dobre financiamento. Para elo o interventor do concello deberá, a través dunha declaración, detallar o conxunto de todas as axudas tanto solicitadas como recibidas para a actividade obxecto deste convenio.

O concello de Ourense deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CUARTA.- A Xunta de Galicia a través da Conselleríade Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará as actuacións ata un máximo de un millón seiscentos euros (1.600.000). Calquera custo adicional será financiado polo concello de Ourense.

A distribución do financiamento ó concello de Ourense por anualidades sería o seguinte:

Anualidad	Anualidad	
2016	2017	Importe total
300.000,00	1.300.000,00	1.600.000,00

O concello de Ourense presentará na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as certificacións de obra para a súa comprobación e pagamento. Estas certificacións presentaranse dentro das anualidades establecidas no cadro anterior e polas cuantías antes mencionadas.

A achega ao concello de Ourense farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentado por parte do concello a seguinte documentación:

- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención. Entregarase copia compulsada desta documentación.

- Certificacións de obra executada

- Certificado do responsable da entidade en materia económica, que transcriba o acordo ou resolución pola que se aproban os gastos realizados e de que os traballos se realizaron na súa totalidade e de conformidade co obxecto deste convenio.
- Declaración do conxunto de axudas, tanto solicitadas como recibidas, para a actividade obxecto deste convenio das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Anexo II do convenio.
- Acta de recepción, por parte do concello, da obra.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo I).
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).

Estas actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da súa realización por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto destas xustificacións, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, ata un importe máximo do 80% do gasto subvencionado, sen que exceda das anualidades previstas no convenio.

Segundo o establecido no artigo 4 do decreto 193/2011, é necesario que o Concello de Ourense cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á

constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados, non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

O concello de Ourense presentará a xustificación na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos seguintes prazos:

- Para as anualidade 2016 : 30 de novembro
- Para a anualidade 2017: 30 de novembro

QUINTA.- O concello de Ourense comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Xunta de Galicia poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede a subvención.

SEXTA.- Constituirase unha comisión formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles dúbidas que puideran xurdir na súa aplicación. Todas as incidencias que puidesen xurdir deste convenio serán formuladas a través da comisión de seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de resolución deste, e así mesmo procederá o reintegro da subvención pólo incumprimento por parte do beneficiario das obrigas derivadas do presente convenio de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

OITAVA.- O presente convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A

xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cumprirá coas obrigas específicas de información de convenios de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA.- O presente convenio estará vixente dende a data de sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que se subvencionen actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

Este convenio obriga ás partes que o asinan o seu cumprimento, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese exemplar triplicado, no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Polo Concello de Ourense
Román Rodríguez González.	Jesús Vázquez Abad.



Anexo I

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS
TRIBUTARIAS OU FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO
NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACION PÚBLICA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA.**

Dona/don _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade _____, atópase ao
corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e non ten
pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade
autónoma.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de 2016.

Anexo II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS
ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS
PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.**

D/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte
actuación _____, a devandita entidade
solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incursu/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, _____, de _____ de 2016



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dona _____, con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN:
- Entidade:
- Sucursal:
- Díxito de control:
- Núm. de conta:

(Lugar e data)

(Sinatura)